A AMENAZA DAS ESPECIES DE FLORA EXÓTICA NOS ECOSISTEMAS DUNARES

As especies de flora exótica invasora proveñen doutras rexións do planeta e polo xeral, teñen estratexias máis eficientes para a colonización de espazos alterados, ao adaptarse facilmente pola súa capacidade de dispersión, maior competitividade e resistencia ás pragas.
Chámaselles invasoras porque poden desprazar parcial ou totalmente á vexetación local, contribuíndo á perda de diversidade biolóxica.

COMO CHEGARON ATA AQUÍ ESAS ESPECIES?

En moitos casos son utilizadas en xardinería porque resultan atractivas para o ser humano polo seu colorido, cheiro, presenza, porte, etc.

Noutras ocasións, e debido á globalización, viaxaron como sementes en mercadorías ou persoas que logo son dispersadas involuntariamente.

COMO COLONIZAN E DESPRAZAN FLORA AUTÓCTONA?

O tránsito de persoas polas zonas dunares, de forma máis ou menos regular, fai que a vexetación orixinal desapareza nestas áreas. Debemos lembrar que as dunas son ambientes moi agrestes nos que a insolación, a salinidade, a mobilidade da area ou a falta de auga dificulta a presenza de moitas especies.

Nestes espazos, se hai presentes sementes ou fragmentos de plantas de flora exótica, grazas á súa rápida dispersión e crecemento, ocupan o espazo, desprazando á vexetación local e en moitos casos, modificando as condicións do medio.

O cambio climático agrava o problema, ao establecer condicións ambientais máis duras que as especies exóticas, xeralmente, son capaces de adaptarse mellor que as especies autóctonas.

XUNTA DE GALICIA



¿QUE PODEMOS FACER para FREAR este PROCESO?

1 **O PRIMEIRO PASO É** evitar a alteración dos espazos dunares, xeralmente pola presión das persoas que os cruzan para acceder á praia, para tomar o sol ou para xogar. Isto evitará a perda da flora autóctona e que a vexetación exótica invasora poida ocupar estes espazos.


Imagen razo

2 **O SEGUNDO PASO É** identificar as especies exóticas presentes e o valor das áreas sobre as que se asentan. De maneira que, actuarase primeiro sobre as áreas de maior valor ambiental, sobre exemplares de especies exóticas illadas e sobre as especies con maior capacidade de dispersión e asentamento.

3 **O TERCEIRO PASO É** deseñar unha estratexia de eliminación e control das especies invasoras. Tratarase de facer unha presión selectiva sobre a especie que interesa eliminar, interferindo o menos posible noutras especies autóctonas.

4 **POR ÚLTIMO,** naqueles casos nos que a eliminación de especies invasoras implique deixar superficies de area sen vexetación, débese fomentar a vexetación da zona con especies de flora autóctona propias do medio natural do que se trate.

A AMENAZA DAS ESPECIES DE FLORA EXÓTICA NOS ECOSISTEMAS DUNARES

ESPECIES INVASORAS EN DUNAS DO NOROESTE PENINSULAR

ÁRBORES



***Acacia dealbata**
- Mimosa

Presente na zona dunar. Debe retirarse a planta de raíz. Descortizar a árbore pode ser unha medida de control para secalo. Rebrota con facilidade.



***Ailanthus altissima**
– Árbore do ceo

Presente na zona dunar. Debe retirarse a planta de raíz, se é necesario, con maquinaria naquelas zonas onde estea especialmente prescrito.



Robinia pseudoacacia
- Falsa acacia

Pode estar presente na zona dunar. Debe retirarse a planta de raíz, cando son pequenas. Para os exemplares de gran tamaño, recoméndanse as talas periódicas para debilitar a árbore.

ARBUSTOS



Opuntia ficus-indica
– Chumbeira

É pouco frecuente, pero pode aparecer na duna terciaria.

Retirada manual.



Yucca aloifolia
– Iuca

Presente en dunas e zonas de matogueira costeira, crece sobre area. Propágase con facilidade a través de esgallos da raíz ou talo e brotes.
Retirada manual ou mecánica incluíndo a raíz.



Lantana camara
- Bandeira Española

Pouco frecuente, pero pode colonizar zonas areosas litorais ten unha dispersión moi agresiva.

Retirada manual completa de toda a planta.



Phytolacca americana
- Herba tintureira

Aparece en zonas costeiras incluídas as dunas. É unha planta tóxica, sobre todo os froitos e as raíces. Propágase por principalmente por semente polo que debe evitarse a súa produción.
Control mediante a eliminación completa da planta.

* Incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras.

HERBÁCEAS



Agave americana
- Pita americana

Non é moi frecuente debe retirarse a planta completa incluído o rizoma. A súa retirada é laboriosa xa que rebrota facilmente dos rizomas.



Aster squamatus

Aparece principalmente na zona dunar pero tamén en zonas costeiras. Eliminación manual da planta completa. Se está moi estendida é difícil de eliminar.



Carpobrotus edulis
- Uña de gato

Coloniza dunas e medios costeiros con facilidade. Retirada manual de toda a planta.



***Carpobrotus acinaciformis**
- Uña de gato

Menos frecuente que a anterior, coloniza dunas e medios costeiros con facilidade. Retirada manual de toda a planta.



Helichrysum foetidum
- Flor de San Xoán

Naturalizada nos hábitats costeiros, está presente nas dunas.
Pódese eliminar manualmente de raíz.



-Paspalum vaginatum
- Grama de agua

Presente en zonas húmidas de praias e dunas. É moi difícil de eliminar, pódese facer un control manual, se está pouco estendida..



Erigeron bonariensis
- Conyza bonairen - Eixeirónsis

Aparece en zonas dunares e sendas de acceso a praias. Con pelos en talo e follas.

A AMENAZA DAS ESPECIES DE FLORA EXÓTICA NOS ECOSISTEMAS DUNARES

ESPECIES INVASORAS EN DUNAS DO NOROESTE PENINSULAR

HERBÁCEAS



Arctotheca calendula - Margarita africana

Pódese atopar tanto en zona de praia como de duna. Produce unha gran cantidade de sementes polo que a súa erradicación debe realizarse antes da floración. Eliminación manual retirando ben a area das raíces para evitar danos sobre a flora e a fauna.



Arundo donax - Cana

Presente en zonas dunares e costeiras entre outros espazos. De difícil erradicación, pódese controlar manualmente cortando a planta de forma reiterada cada vez que brota, ata esgotar as reservas do rizoma e que a planta morra.



Stenotaphrum secundatum - Gramón

Presente é espazos litorais, creando céspedes de zonas de duna e praia.
A eliminación manual é pouca efectiva, pero pódenos servir para facer unha presión selectiva sobre a especie e eliminala gradualmente.



**** Cortaderia selloana*** - Herba da pampa

Coloniza con facilidade espazos dunares, a súa eliminación en exemplares pequenos pode ser manual, pero a medida que a planta incrementa o seu tamaño, poden ser necesarios medios mecánicos e eliminar a planta por completo. É importante controlar a produción de sementes da planta.

* Incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras.



Tribulus terrestres
- Abrollo

É pouco frecuente pero unha vez establecida é difícil de erradicar. Dispérsase mediante sementes que pola súa morfoloxía crávanse con facilidade.
A eliminación manual nos primeiros estadios é efectiva, sempre antes da produción de sementes.



**** Oxalis pes caprae***
- Pan de Cuco

Pode estar presente no medio litoral o que inclúe praias e dunas. A súa eliminación pode ser manual, pero debe facerse un seguimento continuo ata que se esgote a reserva de sementes do chan. Se está moi estendida o seu control é laborioso.



Erigeron sumatrensis
- Conyza sumatrensis -Eixeirón

Adáptanse con facilidade aos ecosistemas dunares pero é frecuente no litoral.
A retirada de *Erigeron spp.* debe realizarse antes da floración da planta, mediante eliminación manual completa de toda a planta.



Passiflora caerulea
- Pasiflora azul

Especie gabeadora pouco frecuente presente en zona litoral por introdución como ornamental nas proximidades.
Eliminación manual da planta completa.



Tropaeolum majus
- Flor de sangue

Especie gabeadora que pode estar presente en zonas litorais.
É efectiva a retirada manual antes da frutificación. Se a extensión é grande, é laboriosa e require de tempo.



Erigeron canadienses
- Conyza canadienses -Eixeirón

Ten preferencia por espazos con certa humidade, presente en todo o litoral, incluído zonas dunares. Sen pelos no talo.

¿ COMO ELIMINAR AS DISTINTAS ESPECIES INVASORAS ?

Para aquelas plantas que se dispersan por sementes pero que, polo seu tamaño ou abundancia son difíciles de retirar, débese facer un control, eliminando as flores para posteriormente ir acometendo labores de retirada da planta completa. Por exemplo, no caso de ***Cortaderia selloana***.

En plantas de menor porte, pero con gran produción de sementes, retirarase a planta completa antes da floración, por exemplo, ***Erigeron spp.***

En plantas con rizoma poden facerse actuacións para esgotar progresivamente as súas reservas, de maneira que, córtese de forma periódica a parte aérea antes de que teña capacidade de sacar talos, por exemplo, ***Arundo donax.*** Haberá que facer un seguimento periódico durante varios meses, pero tras 9 meses da corta dos rebrotes, lograrase un control bastante efectivo.

Cada planta ten o seu ciclo e características, débese actuar sobre a fase que máis interese para evitar a súa propagación. Sempre que sexa posible, débese proceder a unha eliminación e control eficiente sen o uso de produtos fitosanitarios. Poden realizarse traballos manuais ou mecánicos de baixo impacto, sempre de maneira coherente coas características do medio.